# O MUNDO NA ESCOLA.

# ENTRE TODAS, ENTRE TODOS.

Colexio San Xoán de Filgueira
2007-200...
FERROL


entre tod@s

# Quen somos e onde estamos?


C.E.I.P.
S. Xoán de Filgueira



# O noso entorno.







Temos unha zona arbolada.



Un campo de fútbol, un patio cuberto.



**Un horto escolar**.




Un pavillón polideportivo




O noso “Xardín dos Valores”.

# O noso alumnado.

Temos 188 alumnos e alumnas:

-49 de E.I

-139 de E.P

-Diversidade cultural:

-25% alumnado de etnia xitana

-14% alumnado estranxeiro (China, Marruecos, República Dominicada, Uruguay, Argentina, Rusia,Brasil, Colombia, Portugal, EEUU...)

## Nº UNIDADES:

-3 unidades de E.I.

-10 unidades en E.P.

Ratio: media de 16 alumnos/as por aula E.I

media de 14 alumnos/as por aula en E.I

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

-Transporte escolar

-Comedor escolar (catering)

# ORGANIZACIÓN DO CENTRO DE CARA A DIVERSIDADE

-Criterios pedagóxicos para elaborar horarios.

-Criterios para a distribución do alumnado por aulas.

-Coordinación estreita cos servizos sociais:

- Bolsas de comedor
- Seguimento ás familias con problemática social.
- Inicio dos trámites do protocolo de absentismo escolar enviado polo centro

-Intervención coas familias:

- Achegamento ao centro.
- Comunicación diaria coa ANPA
- Traballo do absentismo
- Información e formación a través de charlas, cursos, obradoiros...)

-Plan PROA

-Organización dos apoios e coordinación co DO.

- ´Crear espazos e tempos para as titorías (6 períodos lectivos)

# Como organizamos os apoios?

Nº de mestres/as de apoio:

2 P.T., 1 A.L e 1 mestre de apoio.

-Apoios dentro da aula.

- Desaparición da figura de Apoio á etnia xitana.

-Priorización da integración social.

- Alumnado procedente do estranxeiro con lingua distinta as da comunidade autónoma, apoios intensivos para que adquiran unha competencia lingüística no menor tempo posible.

# Por que este proxecto?

-Nº elevado de alumnado de etnia xitana.

-Incremento do alumnado inmigrante.

-Diversidade do alumnado.

-Actitudes xenófobas.

-Traballo preventivo.

-Queriamos eliminar prexuizos establecidos.

-Inquedanzas por parte dun grupo de profesorado.

-Implicación do equipo directivo

# onde queriamos chegar?

-A implicar a todo o claustro.

-A crear un proxecto a longo prazo.

-A convertilo en filosofía e cultura de centro.

-A facer del un eixe vertebrador de todos os equipos de centro e proxectos do mesmo.

- PROXECTOS ONDE SE MATERIALIZA A NOSA FILOSOFÍA DE CENTRO:

1.- Aula da Natureza

2.- Plan Valora:“O mundo na escola. Entre todas entre todos”. Convertido en Plan de convivencia.

3.- Proxecto de biblioteca: “Ler e convivir coa diversidade: oito meses oito valores”.(PLAMBE)

4.- Outras aportacións dos distintos equipos de centro (CCP, ENDL, E.ciclo, DO, área E.F...)

# De onde partimos?

A aula da natureza unha seña de identidade do noso centro.




**Contamos cun horto escolar**




**Recollemos productos do horto**




**Realizamos obradoiros de reciclaxe: reciclar, reutilizar,reducir.**



**Compostaxe**


O RUIDO CONTAMINA
¡Ruido!
CARTEL GAÑADOR


Falar baixiño é bó para TODOS.

- VALORA 2006-2007:

UN COLEXIO...
UN XARDÍN...
UNHA FRAGA...
CHEOS DE VIDA,
PAZ E FUTURO
EN IGUALDADE




Visualizamos a diversidade.



Debuxamos a diversidade




Todo/as diferentes todo/as iguais.


TODOS
DIFERENTES
TODOS
IGUAIS
UNS TEMOS A PEL MÁIS CLARA
E OUTROS TÉMOLA MÁIS ESCURA
E OUTROS ESTAMOS PELADOS
ALGÚNS TEMOS O PELO LISO
UNS TÉMOLO LOURO
OUTROS ROXO
OUTROS TÉMOLO RIZO
OUTROS PINTADO DE CORES
E OUTROS NON TEMOS UN PELO DE PARVOS
UNS TEMOS OS OLLOS MARRÓNS
OUTROS TÉMOLOS VERDES
OUTROS TÉMOLOS AZUIS
E OUTROS SOMOS OLLOMOL
UNS TEMOS AS ORELLAS ASÍ
OUTROS ASÍ
OUTROS ASÍ
OUTROS ASÍ
OUTROS ASÍ
E A OUTROS ENTRANOS POR UNHA ORELLA E SAENOS POLA OUTRA
UNS TEMOS A BOCA ASÍ
OUTROS TÉMOLA ASÍ
OUTROS ASÍ
OUTROS TÉMOLA ASÍ
OUTROS ASÍ
TROS NON SABEMOS PECHAR A BOCA
UNS SABEMOS TOCAR INSTRUMENTOS
OUTROS SABEMOS FACER O PINO-PONTE
OUTROS SABEMOS FACER CARICATURAS
E OUTROS FACEMOS COUSAS RARAS


NESTE COLEXIO
TODOS SOMOS
CIDADÁNS DO MUNDO
MAPAMUNDI
FÍSICO
Adiviña de que profesor ou profesora se trata
ESTE COLEXIO SOMOS TODOS DE AQUÍ PORQUE VIVIMOS AQUÍ


Pola paz, a igualdade, a tolerancia
a solidariedade, a cooperación, o respecto
e a responsabilidade.
Entre todas e todos fixemos este
"xardín dos valores"
30 - Xaneiro - 07



Saída de convivencia.

# CONCLUSIÓNS VALORA 2006/2007.

- O plan Valora foi un punto de encontro para o debate entre o profesorado.
- Gañamos espazos de lecer e comúns (Xardín dos valores).
- É necesario continuar co achegamento ás familias.

-Punto de partida de cara ao seguinte curso.

# PROXECTO DE INTERCULTURALIDADE 2007-2009

# EXEMPLO DE ACTIVIDADES




Album para propiciar o debate sobre migración.


ESTE LIBRO PRETENDE SER
UN AGRADECEMENTO AOS NOSOS COMPAÑEIROS
QUE VEÑEN DOUTROS PAÍSES
QUE NOS ENSINAN A SÚA XEOGRAFÍA,
CULTURA, COSTUMES...
C.E.I.P. San Xoán de Filgueira

**Actividades programadas desde a biblioteca:**

1. “Distintas celebracións no mundo”




Celebracións en outono.


PORTUGAL
2°B
A bandeira de Portugal
é vermella e verde
e ten un escudo
Festas de Outono en Portugal.
FESTAS DE
2°A
3°A


NADAL EN ARXENTINA
A noite do 24 reúnense as familias para cear.
Como alí é veran e vai moito calor a cea fana con comidas frescas: ensaladas e xeados,
ademais de polo e porco asado
Ás 12 da noite lanzan foguetes e fogos
artificiais e entréganse agasallos.
As mulleres regálanse
medias rosas para a
boa sorte.
O 31 de decembro nalgunhas cidades de Arxentina fan
bonecos cheos de pólvora e queimanos ás 12 da noite
para recibir o ano novo.

En Nadal.


O NATAL EN PORTUGAL
O "Pai Natal" no Belén
As cruces de fariña
Foqueiras de Natal
Gastronomía portuguesa no Nadal
A Misa do Galo
BO NATAL




Festas da primavera.


A PRIMAVERA PORTUGUESA
"Festa dos Maios ou Maias"
En Portugal unha das festas máis importante da primavera é a festa dos Maios ou Maias que se celebra o día 1 de Maio.
As portas das casas adornanse con ramas de xesta amarela ou con coroas de flores chamadas maio ou maia.
Era costume que os nenos e nenas foran de casa en casa a cantar e pedir.
"O día da espiga"
"O día da espiga" celebra-se no día da quinta feira da Asconsão". O dia comeza cun paseo matinal no que se recollen espigas de varios cereais, flores campestres e raminhos de olivo para formar un ramo que se chama "espiga".
Tamén se chama "o día da hora" e é o día máis Santo do ano: un día que no se debía traballar.
En días de trevoada queimase un pouco de espiga no lume da lareira para apartar o raio.

# Día da Paz. Semana de lectura de contos do mundo


Contos do mundo
OCEANO GLACIAL ARTICO
CANADÁ
ESTADOS UNIDOS
MÉXICO
BRASIL
RUSIA
CHINA
INDIA
AUSTRALIA
INDONESIA
OCÉANO PACÍFICO
ÍNDICO
ANTÁRTIDA
ХРАМ СОЛНЦА
LOS ZAPATICOS DE ROSA
CUENTAN QUE CUENTAN
Con dos pinceles
La Charca
SLABIKÁŘ

# Feira do libro

...ao mesmo tempo e a través do equipo de normalización lingüística...


RMALIZACIÓN
E
DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
O CONCURSO
DO MES
¿ATRÉVESTE?
SOMOS
GALEGOS E GALEGAS
E
GÚSTANOS
A NOSA LINGUA
E POR ISO
DENUNCIAMOS :
CARTEL DE HONRA DO MES
Queda recoñecido que
o grupo de alumnas e alumnos aquí expostos
saben case tanto como ...
un profesor de primaria
A que non es quen de
atinar coa resposta
deste enigma :
Publicidade
enganosa
¡Asómate!
Escolle o teu
INVESTIGACIÓN
Isto é mentira
10 de decembro de 2007
Día Internacional dos Dereitos Humanos


A que non es quen de atinar coa resposta deste enigma :
CONCURSO XANEIRO 2008
SOLUCIÓN: O TOXO
O toxo é un arbusto espiñento da clase das dicotiledóneas (nome científico: Ulex europaeus) e da familia das leguminosas, de flores amarelas moi rechamantes (chamadas chorima ou xorima) e que mide entre 0,5 ata 3 metros segundo a variedade. Os agromos son verdes e as follas son espiñas de entre 1 e 3 cm. Cando a planta é ainda nova, as follas son normais, trifoliadas.
As flores miden entre 1 e 2 cm, tense a crenza de que o toxo está todo o ano en flor mais non é certo, na Galiza existen 3 clases de toxos, o toxo gateño (Ulex nanis) é o máis pequeno de todos, non pasa dos 80 cm de altura e florece a finais do outono. O toxo femia (Ulex galli) chega ao metro de altura e bota flores a mediados do verán, e por último o toxo arnal (Ulex europeaus), que é o máis grande de todos, chegando aos 3 m, florece na primavera e comezos do verán. O fruto é unha vaíña de dous centímetros de cor cinza escuro rodeada dos restos marrón claros da flora. Esta vaíña contén dúas ou tres sementes negras que se liberan cando a vaíña estala en momentos de calor.
Arde moi doadamente, pero medra moi pronto após un incendio, polo que son das primeiras plantas en ocupar un terreo que ardeu. As sementes poden xerminar mesmo se se viron algo afectadas polo lume.
O seu uso tradicional é como estrume para as cortes, aínda que a finais do século XX coñeceuse unha proposta por parte dunha empresa xaponesa para aproveitar os restos da roza para a súa utilización coma biomasa.
O toxo atópase no occidente europeo, desde Escocia a Portugal e ao leste até Bélxica. É a "flor nacional" da Bretaña francesa e de Galiza. Noutras partes nas que se introduciu, como Nova Zelanda, Australia, o oeste dos Estados Unidos e Chile, é unha praga.

# Cóntanos algo

# OUTRAS ACTIVIDADES:

-Imos falar

- Celebración do día do pobo xitano (8 de abril 2008)

- Día da Paz

- Actividades de educación física


DIA do
Pobo Xitano


8 DE ABRIL DÍA DO POBO XITANO
MÚSICA E DANZA DO POBO XITANO
A MÚSICA XITANA E O RESULTADO DA MEZCLA DAS MÚSICAS DE MOITOS POBOS POR
PASANDO E VIVINDO. MÚSICA DE INFLUENCIA HINDÚ, PERSA, TURCA, BÁLTICA,... ARABE.
OS ACOMPAÑAMENTOS, OS RITMOS, OS CANTES SON TAN VARIADOS COMO DIVERSOS SON OS
FANFARRIAS, GUITARRAS,... MÚSICA VIVA E PARTICIPATIVA.
EN ANDALUCÍA OS XITANOS ASIMILARON E TRANSFORMARON OS ROMANCES, SEGUIDILLAS E FANDANGOS TRADICIONAIS
MÚSICA E DANZA FLAMENCA. DENDE A TRADICIÓN HOXE ESTÁ NACENDO O NOVO FLAMENCO CON
SOUL, POP, JAZZ, REGGAE E ADQUIRINDO UN CARACTER UNIVERSAL.
BRAHMS, SCHUBERT, LISZT, DVORAK, FALLA, TURINA LEVARON Á MÚSICA CLÁSICA A MÚSICA
Cantaores e cantaoras


MÚSICA E DANZA DO POBO XITANO
MÚSICA XITANA E O RESULTADO DA MEZCLA DAS MÚSICAS DE MOITOS POBOS
NDO E VIVINDO. MUSICA DE INFLUENCIA HINDÚ, PERSA, TURCA, BÁLTICA,... ARABE.
ACOMPAÑAMENTOS, OS RITMOS, OS CANTES SON TAN VARIADOS COMO DIVERSOS SON OS
FARRIAS, GUITARRAS... MÚSICA VIVA E PARTICIPATIVA.
ANDALUCÍA OS XITANOS ASIMILARON E TRANSFORMARON OS ROMANCES, SEGUIDILLAS E FANDANGOS TRADICIONAIS
ÚSICA E DANZA FLAMENCA. DENDE A TRADICIÓN HOXE ESTÁ NACENDO O NOVO FLAMENCO CO
POP, JAZZ, REGGAE E ADQUIRINDO UN CARACTER UNIVERSAL.
RAHMS, SCHUBERT, LISZT, DVORAK, FALLA, TURINA LEVARON Á MÚSICA CLÁSICA A MÚSICA
TERITITRAN. TRAN. TRAN
Si tus ojillos fueran aceitunas verdes, toda la noche estaría muele que muele... muele que muele
Guitarristas
Cantaores e cantaoras
VOLANDO VOY VOLANDO VENGO POR EL CAMINO YO ME ENTRETENGO
A LA ESCUELA VOY! DE LA ESCUELA VENGO!

# Olimpiada



# Como iniciamos o traballo de titorías?

**PROGRAMACIÓN ANUAL DOS CONTIDOS A TRABALLAR NAS TITORÍA**

**a) PLANO AFECTIVO PERSOAL**

- Recoñecemento das emocións propias e alleas.
- Recoñecemento de si mesmo: autoconcepto, autoimaxe e autoestima. Axeitada valoración de si mesmo.
- Autocontrol ou autorregulación: das conductas que se disparan como consecuencia das distintas emocións.
- Flexibilidade ou pensamento alternativo.

**b) PLANO AFECTIVO INTERPERSOAL**

- Habilidades básicas: fórmulas de cortesía, saber escoitar, facer un eloxio, disculparse.
- Empatía: saber  que senten os demais, poñerse no seu lugar, sentir con eles/as, actuar con eles/as.
- Respecto e aprecio pola diversidade.
- Asertividade, autocontrol, colaboración, cooperación,estratexías de negociación e acordos.
- Resolución de conflictos: Falar para entenderse

# Coidamos as nosas relacións; coidamos o noso entorno

| | |
|---|---|
| | (a programación das actividades relativas ao coidado do entorno serán elaboradas polo equipo da A.N. e intercaladas nesta programación) |
| Outubro | 1ª semana: Fórmulas de cortesía (ola, bos días; ata logo; grazas; por favor; perdón; pódese pasar?) Representalas nun mural. |
| | 2ª semana: xogo de presentación " este son eu" |
| | 3ª semana: xogo de autoestima "Enchendo o cofre" |
| | 4º semana: Normas de biblioteca. A responsabilidade no coidado do ben común. |
| | 5ª semana: sen programar |
| novembro | 1ª semana: Coidamos o noso entorno: a aula, vestíbulo e corredores. |
| | 2ª semana: Técnicas de relaxación.<br>Mandalas |
| | 3ª semana: As accións reparadoras. |
| | 4ª semana: violencia de xénero. 25 de novembro día internacional da violencia machista. |
| decembro | 1ª semana: Sen programar |
| | 2ª semana: Consumo responsable |
| | 3ª semana:.Só xoves. Informar sobre a carreira solidaria (Sahel- Niger) que se celebrará en xaneiro. |

# Coidamos as nosas relacións; coidamos o noso entorno

| | |
|---|---|
| | (a programación das actividades relativas ao coidado do entorno serán elaboradas polo equipo da A.N. e intercaladas nesta programación) |
| Xaneiro | 1ª semana: |
| | 2ª semana: Comedor un servizo máis do centro educativo. Repaso das normas incluidas normas de comedor. |
| | 3ª semana:. Problématica do Sahel. Unidade didáctica. |
| | 4º semana: Día da Paz. |
| Febreiro | 1ª semana: Niger-Sahel . Entre tod@s podemos axudar: Carreira solidaria. |
| | 2ª semana: Identificación de emocións. |
| | 3ª semana: |
| Marzo | 1ª semana: Pensamiento causal, alternativo e de perspectiva |
| | 2ª semana: Causas das emocións. |
| | 3ª semana: non hai clase |
| | 4ª semana |

# Exemplo de ficha para mestres.



**1ª semana: Fórmulas de cortesía:** Ola, bos día , ata logo, grazas, por favor, pódese? E perdón.

*Obxectivos: Reparar nas distintas fórmulas de cortesía máis frecuentes no medio escolar.*

*Propostas de traballo:*
1-Escenifícanse situacións para o uso de cada unha das fórmulas de cortesía propostas.
2-Elaboración dun pequeno mural onde se recollan (ver ideas na revista de Maestra de Primaria nº50 que está na sala do profesorado)

**2ª semana: Xogo de presentación.**

***Obxectivos:*** ***- Facer conscientes algúns aspectos de nós mesmos.***
*- Coñecer algo máis dos nosos compañeiros de clase e dos nosos mestres.*

**1-**Cada un e sen que o vexan os demais completan cada globo con 3 elementos. Deberemos dar ideas para que non só poñan cousas materiais: "Gústame..." aí haberá que pensar, ademais de que cousa nos pode gustar, en que nos gusta facer e que nos gusta sentir,; (deste xeito poden aparecer enunciados do estilo "Gústame a natación sincronizada, non me gustan os debuxos Disney, ..." , propostas máis interesantes para debater despois que se só poñen "Gústame o chocolate, non me gusta a leituga,...") "Teño..." ademais de algo material que teñamos, tamén anotaremos que sensacións temos, de que teño ganas a miúdo, de que teño medo,...("Teño ganas de ser maior , teño medo dos vampiros, teño sono todas as mañás,..."); "sei..." , "non sei" aquí invitaremos a poñer o que sabemos facer e o que non (sei nadar, non sei patinar sobre xeo,...) o que podemos aproveitar para evidenciar as nosas coincidencias e diferenzas.
É conveniente que o fagan tamén os mestres e mestras xunto co alumnado.
No recadro de "son eu" non se poñerá nada de momento.
**2-** Recóllense todos os folios e vanse lendo un a un intentando adiviñar de quen se trata e descubriremos que pouco sabemos uns dos outros!
**3-** Devólvese cada folio ao dono ou dona e agora xa poderemos debuxarnos no centro e/ou rotular o noso nome.
**4-** Estes folios adornarán a aula durante este trimestre.

**3ª semana: Xogo da autoestima. " Enchendo o cofre"**
<u>Obxectivo</u>*: Facernos conscientes de que todos temos cousas positivas e que todos no podemos forzar a buscar o positivo dos demais.*

Cada un de nós (incluído os mestres ou mestras que estean nese momento co grupo) deberá pensar que pode regalarlle a cada un dos demais membros do grupo e que sexa do seu agrado. Observaremos os carteis da semana anterior en que nos definíamos a través do que nos gustaba ou non , do que sabíamos facer ou non , do que tiñamos ou non ,... Deberá ser algunha cousa que lle guste facer, ler, escoitar, ...:unha canción, unha foto, unha receita,...Despois de escribilo nun papel métese nunha caixa ou cofre. Reméxese e vanse sacando e comentando en asemblea.

**4ª semana: Normas da biblioteca. A responsabilidade no coidado do ben común.**

<u>Obxectivo</u>*: Chegar á conclusión de que os bens comúns (os libros da biblioteca, o mobiliario da biblioteca, as papeleiras, as porterías do patio, os farois, os bancos, ...)son de todos e pagados por todos a través das entidades públicas e dos cartos que todos os traballadores e traballadoras aportamos. Como ben de todos, todos debemos coidalos.*

*Proposta de traballo:*
**Asemblea para debater** o tema: de quen son os libros da biblioteca? E os sofás? E os ordenadores? E as papeleiras do patio? E....? Son de ninguén ou de todos?
Se se estragan? Quen merca outras? Quen paga? Con que cartos? Podo ser eu responsable de algo que non é so meu senón de todos?

**5ª semana: sen programar**




Normas do cole feitas por nenos e nenas de 2º.


Correremos no patio
como nenas e nenos
e non nos corredores nin nas aulas
como cabras sen pelos.
Berraremos no patio
como nenos e nenas
e non nos corredores, nin no autobús
como enormes hienas.
Diremos palabriñas e palabras como persoas
e non palabros e palabrotas
como unhas monas.
Tiraremos o lixo no seu sitio como xente
e non o espallaremos
como o vento libremente.
Respectaremos ás árbores, plantas e animais
como humanos
e non os atacaremos
como seres estraños.
Coidaremos aos compañeiros e aos adultos,
e non os trataremos
como inútiles vultos.
POR UN COLEXIO DE PERSOAS...
educadas


SOMOS
CORTESES
¡De Nada!
Sí
claro

# Xogo de presentación.

Gústame

Non  me gusta

Son    eu

Teño

Sei

Non sei


Gústame
Nadar
Discutir o que teño razón
a música
Non me gusta
Ferrol
Escribir
Vir á escola
Son eu
Alicia
Teño
Os ollos marróns
11 anos
Moi bo carácter
Sei
Tocar instrumentos
nadar
xogar ao tenis
Non sei
Falar todos os idiomas do mundo
portarme mal
facer o espagat

“Xogo das medidas reparadoras”
2º e 3º ciclo




“A caixa das normas”
1º ciclo









# 25 de novembro “Día Internacional da Violencia de xénero”




Consumo responsable


NON CONSUMAS
O MUNDO !


IBRAIM
SAHEL-NIGER
CEIP SAN XOÁN DE FILGUEIRA
ALDEA
A Casa De Ibraim
IRMANS
TRABALLO
ENTRE TOD@S UN MUNDO PARA TODOS
EU
FERROL
A MIÑA CASA
Meus IRMANS
TRABALLO


IBRAIM



Kilómetros de Solidaridad

con los niños de Níger

# Diploma de Agradecimiento

Save the Children agradece a: 5:B DO "CEIP SANXOÁN DE FILGUEIRA"

POLA SÚA COLABORACIÓN CUN IMPORTE DE 47,90

su participación en la **V Carrera Kilómetros de Solidaridad** por los niños y niñas de Níger.

Su esfuerzo, ilusión y solidaridad han permitido que miles de niños vean mejorar sus vidas.

Alberto Soteres
Director General

Asd. Marian López

Save the Children
*Protegiendo a los niños desde 1919*

Save the Children España
Plaza Puerto Rubio, 28. 28053 Madrid
Teléfono: 91 513 05 00
www.savethechildren.es

Foto: REUTERS/Finbarr O'Reilly, cortesía de www.alertnet.org


WC MESTRES
TITORIA
ARBORES E ARBUSTOS


O RECUNCHO
O DIÁLOGO


Se tedes un problema
podedes acudir a este recuncho
Como proceder?
detente!! ...
1º Cando recuperes a calma senta nas butacas coa persoa coa que tes un problema. Unha enfronte da outra.
2º Poñédevos de acordo para ver quen empeza a contarlle ao outro o que sucedeu.
Mentres un de vós estea falando o outro non pode interrompelo ata que acabe de explicarse.
3º Explicádelle ben ao outro o que vos pareceu mal, como vos sentistes,...
4º Dar solucións para resolver o problema.
5º Chegar a un acordo que vos pareza ben aos dous e decidir como o ides levar a cabo.
6º Darse unha aperta en sinal de aceptación do trato.
Ben feito!!!
O RECUNCHO
PARA O DIÁLOGO
REGRAS
1- Escoitar ao outro sen interrompelo.
2- Mirarse aos ollos cando un ou outro estea falando.
3- Tratarse un ao outro con respecto (sen insultos nin berros)
GUÍA DO FACILITADOR

# INVITACIÓN ÁS FAMILIAS